



## **BASES DO III PREMIO UNIVERSITARIO DE COMUNICACIÓN CIENTÍFICA**

Caixabank e GCIencia, o portal da Ciencia Galega, convocan a terceira edición do Premio Universitario de Comunicación Científica “Contar a Ciencia”, coa colaboración da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta, das universidades de Santiago, A Coruña e Vigo e da Real Academia Galega de Ciencias. O premio pretende poñer en valor o xornalismo científico entre os futuros profesionais da comunicación e dar a coñecer a investigación científica universitaria que se fai en Galicia.

**1.** O III Premio Universitario “la Caixa” de Comunicación Científica, co lema “Contar a Ciencia”, quere divulgar a investigación que se fai nas universidades de Galicia e animar ós estudantes a coñecer e fomentar o xornalismo e a comunicación científica entre os alumnos universitarios.

2. A convocatoria está aberta aos alumnos das facultades de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela, de Ciencias Sociais e da Comunicación de Vigo (campus Pontevedra) e de Ciencias da Comunicación da Coruña, que deberán presentar os seus traballos individualmente ou en grupos dun máximo de dúas persoas.

3. Os candidatos presentarán a GCiencia, no correo [contraciencia@gciencia.com](mailto:contraciencia@gciencia.com), as súas propostas de **reportaxe ou entrevista sobre un proxecto científico que se desenvolva en calquera das tres universidades galegas**. Os traballos poderán ser escritas, fotográficos, audiovisuais ou mixtos, aínda que concorrerán nunha mesma categoría.

4. As propostas enviaranse en formato Word e constarán dun título e subtítulo provisionais, e un resumo de entre 500 e 700 caracteres, espazos incluídos.

5. As propostas serán avaliadas por GCiencia, que elixirá as que máis destaquen polo interés e orixinalidade do tema tratado, calidade expositiva e valor xornalístico. GCiencia comunicará a decisión ós elixidos para que realicen os traballos xornalísticos.

6. O idioma empregado será o galego.

7. Unha vez realizada a selección de propostas, os alumnos que pasen a primeira selección poderán presentar os seus traballos.

En caso de ser escritos, deberán ter unha extensión de entre 3.500 e 7.000 caracteres con espazos, e serán presentados en formato Word e acompañados dunha o mais imaxes libres de dereitos.

Os traballos audiovisuais terán unha duración mínima de entre dous e catro minutos. As imaxes deberán pertencer aos propios alumnos. Permítese a utilización de recursos audiovisuais alleos, sempre que non excedan dun 15% da duración total da peza e estean libre de dereitos. As pezas virán acompañadas dun texto xornalístico de resumo de cando menos 600 caracteres con espazos. Os traballos audiovisuais deberán respectar formatos xornalísticos tradicionais, como reportaxes, entrevistas ou noticias.

Poderanse presentar tamén reportaxes fotográficas, que irán acompañadas dun texto en formato word con título, subtítulo e non menos de 600 caracteres con espazos. En todos os casos, as imaxes deben estar libres de dereitos.

**8.** Os traballos serán publicados en GCiencia. A organización resérvase o dereito a non publicalos se carecen da calidade necesaria ou se detecta falta de orixinalidade.

**9.** Unha vez publicados todos os traballos, un xurado elixirá ó gañador e os dous finalistas do 3º Premio Universitario “la Caixa” de Xornalismo Científico.

**10.** Os prazos do premio son os seguintes:

. Presentación das propostas. Dende o 14 de marzo ata o 15 de abril.

. Presentación dos traballos seleccionados. Dende que se lles notifique a selección ata o 20 de maio.

. Publicación dos traballos remitidos. Dende o 21 de maio ata o 17 de xuño.

. Fallo do xurado. Entre o 17 e o 30 de xuño.

**11.** Os premios serán os seguintes:

**1º Premio: 700 euros en metálico, un dispositivo electrónico (smartphone Z2 de Primux) e diploma acreditativo.**

**2º Premio: Un dispositivo electrónico (tablet SirocoX de**

Primux) e un diploma acreditativo.

Os restantes concursantes seleccionados para elaborar os seus traballos recibirán diplomas acreditativos.

**12.** O xurado estará composto por representantes da Consellería de Educación, do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), de 'la Caixa', da Real Academia Galega de Ciencias, do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, de GCiencia e de cada unha das tres universidades galegas, así como por un investigador galego de recoñecido prestixio.

**13.** A documentación será enviada polos participantes a [contaraciencia@gciencia.com](mailto:contaraciencia@gciencia.com) e deberá incluír os seguintes datos: nome completo do participante, enderezo electrónico, enderezo postal, teléfono de contacto e centro universitario no que cursa estudos. En caso de traballos por parellas, deberá aclararse cal dos dous estudantes lidera a proposta, que será quen reciba tanto o ingreso do diñeiro como o dispositivo e os diplomas en caso de resultar gañador. Salvo indicación expresa noutro sentido, os diplomas e dispositivos dos gañadores remitiranse a dirección postal que figure nestes datos. No seu momento, o gañador do primeiro premio deberá indicar cun email á organización o número de conta no que desexa recibir o ingreso.

**14.** As bases e a evolución das distintas fases do Premio iranse detallando en GCiencia, dentro da sección Contar A Ciencia, na que tamén se publicarán os traballos seleccionados.

**15.** O xurado resérvase a posibilidade de declarar deserto o premio.

**16.** Os datos de carácter persoal que se puidesen recoller nesta Convocatoria, serán para o ámbito e coa exclusiva finalidade do seguimento, control e desenvolvemento desta, quedando garantido o seu tratamento e protección de acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

O responsable do ficheiro é Eduardo Rolland Etchevers, con domicilio en C/ Poeta Pondal, 14, 36204 Vigo, onde poderá exercerse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

**17.** A comunicación de finalistas e gañadores farase directamente cos participantes por correo electrónico e a través de [gciencia.com](http://gciencia.com).

**18.** Os participantes consenten, ao incorporarse á presente convocatoria, a libre utilización, publicación e reprodución por parte de GCiencia dos seus traballos, sen que iso implique a cesión dos dereitos de propiedade á empresa editora.

**19.** Os participantes, polo feito de presentar as súas candidaturas, aceptan as presentes bases e a decisión do Xurado, renunciando a toda reclamación.

